

Revisión salarial do Convenio Colectivo Provincial de Rematantes e Serradoiros de Madeira (BOP de 23 de febreiro de 2011)

Visto o acta de acordo da comisión paritaria do Convenio colectivo provincial da Rematantes e Serradoiros de Madeira da Coruña pola que se aproba a revisión salarial do citado convenio, subscrita na súa reunión do día 12 de novembro de 2010.

Primeiro.- Que o dito acordo presentouse neste Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar o día 10 de decembro de 2010.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxuizo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que este departamento territorial é competente para resolver a presente solicitude, en virtude do artigo 3 do Real decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo e o artigo 3 da Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Taballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Que os artigos 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, otorga facultades á autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos acordos colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

ESTE DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE TRABALLO E BENESTAR ACORDA:

1º.- Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o subseguinte depósito do texto e demais documentación orixinal.

2º.- Dispoñer a súa publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña.

3º.-Ordenar a notificación desta resolución ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

A Coruña, 10 de xaneiro de 2010

O Xefe Territorial de Traballo e Benestar

Luis Alberto Alvarez Freijido

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DA PROVINCIA DE A CORUÑA PARA O ANO 2010

ACTA NÚMERO TRES E FINAL

ASISTENTES:

Parte empresarial:

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DE A CORUÑA

- D. José-Manuel Cajaraville Varela
- D. Manuel Bouzas Collazo
- D. Benito García García
- D. Lino Raña Ferreiro

Parte sindical:

U.G.T.

- Jesús-Mari Calvo Romero

CC.OO.

- Ricardo-Óscar Santos Reiriz

C.I.G.

- D.Eduardo Sebio Molguero
- D. Vicente Moreira Sobrido

Letrado-Asesor:

- D. Carlos Puga Trigás

En Santiago de Compostela, sendo as dezasete horas do día doce de novembro de dous mil dez, reúnen-se os membros da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial de Industrias de Rematantes e Aserradeiros da Madeira de A Coruña para o ano 2010.

Ambas partes, incluídos os integrantes que non puideron asistir, ratífanse plenamente no acordo adoptado na derradeira reunión celebrada o pasado día 8 de Novembro, no sentido de rematar a negociación do Convenio correspondente ao ano 2010.

Agora ben, tendo en conta as datas do ano nas que nos encontramos o acordo límitase á actualización económica dos conceptos salariais e extrasalariais que estiveron vixentes durante o ano 2009, prorrogándose íntegramente para o ano 2010 o contido normativo do derradeiro Convenio para o ano 2009 deica a sinatura dun novo convenio. Polo tanto a vixencia do presente acordo extenderase desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010.

O acordo acadado supón un incremento dos conceptos salariais (salario base, pagas extraordinarias e plus de asistencia) e extrasalariais (plus de transporte) nunha porcentaxe xeral de UN CON TRINTA POR CENTO (1,30%), con efectos do día 1 de Xaneiro de 2010. Non obstante, os salarios dos traballadores incluídos nos grupos profesionais I, II, III, e IV terán un incremento superior ao mencionado porcentaxe con obxecto de alcanzar as contías dos salarios mínimos garantidos que en cómputo anual veñen establecidos na disposición adicional terceira do III Convenio Estatal da Madeira 2007-2011.

Coñecido o incremento definitivo do IPC real do ano 2010, procederáse a efectuar unha revisión das táboas anteriores na porcentaxe que resulte da diferenza positiva entre a variación do IPC anual e 1,2 puntos. Esta revisión adicional non será de aplicación aos salarios fixados para os grupos profesionais I, II, III e IV, pola razón da superior porcentaxe de incremento salarial aprobado e, en consecuencia, os salarios destes grupos entenderanse a tódolos efectos como definitivos para o ano 2010.

Por último, todo o persoal manterá e consolidará as cantidades que, polo concepto de antigüidade, gozaba con data 1 de outubro de 1.998. Ó importe anterior engadiráselle a parte proporcional de antigüidade que tivese recoñecida e non cobrada á data antes referida, calculándose por defecto ou por exceso por anos completos, é dicir, computarase ano completo cando a fracción deste sexa igual ou superior a 0'5. Estas cantidades tan só serán de aplicación ó persoal que na data sinalada tivese, polo menos, cinco anos de antigüidade na empresa.

As táboas salariais e de antigüidade consolidada figuran incorporadas como Anexo I e Anexo II respectivamente da presente acta.

E sen mais asuntos dos que tratar, levántase a sesión sendo as dezoito horas da data enriba sinalada, asinando en conformidade a totalidade dos asistentes.

ANEXO I

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA

A CORUÑA

TABOAS SALARIAIS ANO 2010

GRUPO PROFESIONAL	POSTOS DE TRABAJO CONVENIO 2010	CATEGORÍAS PROFESIONAIS ANTERIORES	SALARIO. BASE MENSUAL 2010	PAGAS EXTRAS 2010	SALARIO TOTAL ANUAL 2010
I	TITULADO DE GRADO SUPERIOR		1.210,67 €	1.210,67 €	18.300,00 €
II	TITULADO DE GRADO MEDIO	Perito ATS	1.124,95 €	1.124,95 €	17.100,00 €
III	XEFE ADMINISTRATIVO ENCARGADO XERAL	Técnico Proxectista Xefe Administrativo de 1ª Xefe Administrativo de 2ª Delineante	1.046,38 €	1.046,38 €	16.000,00 €
IV	ENCARGADO	Encargado	967,81 €	967,81 €	14.900,00 €
V	OFICIAL ADMINISTRATIVO	Oficial Administrativo de 1ª	916,96 €	916,96 €	14.187,07 €

	PROFESIONAL OFICIO DE 1ª	DE	Oficial Administrativo de 2ª			
	PROFESIONAL OFICIO DE 2ª	DE	Oficial de 1ª Oficial de 2ª			
	VIAXANTE					
VI	AUXILIAR ADMINISTRATIVO		Auxiliar analista			
	PROFESIONAL OFICIO DE 3ª	DE	Auxiliar Administrativo	897,98 €	897,98 €	13.922,35 €
	AXUDANTE		Axudante			
			Peón especializado			
VII	PEÓN		Peón			
	PERSONAL DE LIMPEZA		Ordenanza	838,81 €	838,81 €	13.093,97 €
	ORDENANZA		Garda e vixiante			

Paga 1º de Maio	232,00 €
Plus de asistencia	1,97 €
Plus de transporte	2,94 €

ANEXO II

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA

A CORUÑA

ANTIGÜIDADE CONSOLIDADA Ó 1 DE OUTUBRO DE 1998

G.P.	NIVEL SALARIAL	5 anos	6 anos	7 anos	8 anos	9 anos	Cada ano máis
I	Técnico Proxectista	18,73	22,48	26,23	29,98	33,72	3,74
	Perito	18,31	21,97	25,63	29,29	32,95	3,66
	ATS	18,31	21,97	25,63	29,29	32,95	3,66
	Xefe Advo. 1ª	18,73	22,48	26,23	29,98	33,72	3,74
	Encargado	18,31	21,97	25,63	29,29	32,95	3,66
II	Delineante	17,88	21,46	25,03	28,61	32,18	3,58
	Xefe Advo.	18,31	21,97	25,63	29,29	32,95	3,66
III	Auxiliar Analista	17,38	20,85	24,32	27,80	31,27	3,47
	Oficial Advo. 1ª	17,88	21,46	25,03	28,61	32,18	3,58
	Oficial Advo. 2ª	17,38	20,85	24,32	27,80	31,27	3,47
	Auxiliar Advo.	17,03	20,44	23,85	27,26	30,66	3,41
	Oficial 1ª	17,88	21,46	25,03	28,61	31,18	3,58
	Oficial 2ª	17,38	20,85	24,32	27,80	31,27	3,47

G.P.	NIVEL SALARIAL	5 anos	6 anos	7 anos	8 anos	9 anos	Cada ano máis
	Axudante	17,03	20,44	23,85	27,26	30,66	3,41
	Peón especializado	16,61	19,93	23,25	26,58	29,89	3,32
	Peón	16,19	19,43	22,67	25,90	29,14	3,24
	Ordenanza	16,19	19,43	22,67	25,90	29,14	3,24
	Garda e vixiante	16,19	19,43	22,67	25,90	29,14	3,24